

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2025

(Aprobada na reunión da Comisión do día 28 de novembro de 2025)

Hora de inicio: 10:00 h

Hora de remate: 13:00 h

Lugar: Sala de reunións do 2º andar do edificio Exeria - Xerencia

Membros:

Pola Universidade:

- Yolanda T. Lesmes Romero (Xerente)
- Noemí Sirera Diéguez (Vicexerente de Recursos Humanos)
- Manuel Valebona Refojos (Secretario)

Pola Xunta de PTXAS:

- José Manuel García Eirín
- Patricia Sío Babelo
- María del Carmen Álvarez Veleiro
- Pablo Álvarez Rodríguez

Pola Xunta de PDI:

- María Montero Muñoz (Xustificou a súa ausencia)
- José Bienvenido Díez Ferrer (Asiste Loreto Rodríguez Pardo)
- Castor Muñoz Sobrino

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Nicolás Ramón Berdullas (Xustificou a súa ausencia)
- Pedro González Santamaría (Escusou a súa asistencia)

Asiste a esta reunión:

- Rosa Graña Costas, xefa do servizo de Axudas ao estudo, bolsas e prezos públicos.

ORDE DO DÍA

Punto único. Matrícula do persoal: ruptura da práctica de compensación entre as universidades do SUG.



Matrícula do persoal: ruptura da práctica de compensación entre as universidades do SUG.

A xerente decidiu convocar esta reunión para falar da situación do proceso de compensación de matrículas entre as tres universidades galegas.

A xerente informa que partir de este ano a Universidade de Santiago de Compostela decidiu que non vai a participar no proceso de compensación de matrículas, de xeito que, o persoal que presta servizos nas universidades de Galicia que se matricule na USC non terá a opción de escoller “Exención por ter a condición de persoal ao servizo das universidades galegas”. Por tanto, no caso de que a persoa que se matricula non teña dereito a ningunha outra exención (bolsa do Ministerio, subvención da Xunta de Galicia, familia numerosa, etc.) terá que asumir directamente o custo da súa matrícula. Logo será cada universidade a que estableza un procedemento para repoñer, nos casos en que proceda, ese custo de matrícula ao seu persoal.

A USC ten pensado publicar unha convocatoria de acción social na que establecerá un prazo para que o seu propio persoal poida solicitar ata maio 2026, o reintegro de matrículas aboadas fora da USC, con resolución en outubro de 2026.»

A xerente di que cree que a USC o fará así para que o persoal solicite primeiro a exención da Xunta de Galicia. O tratamento fiscal do que é unha subvención e distinto á axuda de acción social que se ten en conta como rendemento do traballo, co cal, a axuda de acción social queda sometida á tributación da persoa beneficiaria.

Este tema se tratou no seu momento coa consellería. Unha das cousas que se dixo por parte da Universidade de Vigo foi que os cidadáns traballadores da Universidade de Vigo eran tan cidadáns galegos como os demais, pero non souberon darnos unha resposta. Entón pensamos que o mellor é que no momento da matrícula non exista a axuda de acción social e a bonificación da Xunta alcance todos os cidadanía que teñan a condición de cidadáns galegos que cumpran os requisitos.

Neste sentido, a Universidade de Santiago decidiu abandonar o sistema de compensación o cal nos condiciona ao resto na tramitación ordinaria da matrícula. Nós tamén temos que cambiar. Polo tanto, na nova instrución non obrigáramos ao pagamento da matrícula ao noso persoal que se matriculen na Universidade de Vigo e sacaremos unha convocatoria de reintegro para quen non estea bonificado por outro mecanismo con devolución do importe da matrícula. A devolución procederá cando remate o curso e a Universidade correspondente acredite que se pagou o servizo e se poderá reintegrar o importe pagado por matrícula. A intención é manter as mesmas condicións que no pasado, pero adiando ou modificando o sistema con devolución das taxas que se acreditan ter pagado. Non podemos facelo doutro xeito.

Pablo Álvarez pregunta se deberíamos modificar o acordo para que a exención de matrícula na Universidade de Vigo solo se aplique ás persoas que non a obtiveron da Xunta. Así aforramos eses importes na acción social.



A xerente di que o mecanismo da USC lle parece bastante acertado. O mecanismo é que ti tes a posibilidade de marcar dúas opcións: “bonificación da Xunta” e a condición de “persoal da universidade”. Entón, nestes dous casos, se marcas as dúas opcións, permitiría á persoa que se matricula adiar o pago. Se senón accede pola vía da bonificación, terías a opción de persoal da universidade. Pero logo habería que tramitar o expediente, como se facía ata agora, para comprobar que se cumpren as condicións para estar exento de pagar a matrícula porque, unha cousa é que inicialmente non pagues e outra cousa é que teñas dereito ao reintegro. Hai persoal da universidade que non ten dereito á exención de matrícula, que non entra dentro da acción social.

Entón, nese sentido, adías o pagamento, pero haberá que reclamálo máis adiante, cando a resolución final determine se tes dereito ou non a exención. Podes non ter dereito porque tes bonificación, podes non ter dereito porque non entras dentro do ámbito de aplicación da acción social.

Aínda temos que desenvolver esa orde, esa resolución. Teño que falalo cos servizos técnicos. No momento da matrícula podes marcar as dúas: «bonificación» e «condición de persoal de Uvigo». Nese momento ti xa non vas a pagar o primeiro pago. Ademais, ao mesmo tempo, así o vai facer a USC, no momento no que se convoque a acción social, tes que solicitar acción social. Entón, solicitando acción social, ti vas a ter una resolución na que che diga que tes dereito a acción social porque es persoal UVigo que cumpre os requisitos do ámbito de aplicación e todos os demais requisitos para ter dereito a acción social. Nese caso xa non vas a ter carta de liquidación e se che certificará como rendementos do traballo.

Pero podes non ter dereito a exención por varios motivos: porque téis a bonificación da xunta, porque tes bolsa do ministerio, porque non estás dentro do ámbito de aplicación da convocatoria de acción social ou porque non cumpres os requisitos e, polo tanto, vas ter unha carta de liquidación que tes que aboar.

Rosa Graña, xefa do Servizo de Bolsas e prezos públicos, di que a subvención da Xunta non cubre o 100%, cubre o 99% dos créditos superados en primeira matrícula no curso anterior e se aplica a créditos superados en primeira matrícula. So lle coinciden os importes de bonificación coa axuda de acción social ás persoas que se matricularon de 60 créditos de primeira matrícula e superaron 60 créditos. E nin aí porque cubre 99%, pero 1% o teñen que pagar. Por isto cre que hai xa esta confusión.

Pablo Álvarez di que podería haber unha matrícula mixta, digamos que se tes unha parte exenta pola Xunta, e unha parte que tes que pagar. Esa parte que tes que pagar tería que entrar na convocatoria da universidade para compensar o que falta. Por exemplo, se a exención de matrícula da Xunta cubre 600 euros e lle quedan 80 por pagar, polos nosos acordos, na nosa convocatoria tería dereito a pedir eses 80 euros.

Como cuestión de trámite das axudas, Pablo Álvarez comenta que non se debería pedir ao persoal que xustifique a súa condición de persoal da Uvigo mediante “certificado”, para evitar cargar aos servizos de persoal de traballo e pregunta se se podería poñer un apartado na secretaría virtual para descargar o certificado. Rosa Graña di que non se está pedindo certificado porque se pode facer unha consulta en PeopleNet e subila a SIGMA.



A xerente di que hai que facer unha convocatoria de acción social específica para matrícula para que o persoal presente unha solicitude, xa que, se non se tramita a solicitude na convocatoria de acción social vai a quedar fora do beneficio. Tal como está redactado o decreto de prezos públicos de este ano relativo a bonificación non imos a declarar a existencia da axuda con carácter previo á convocatoria, será a posteriori.

Unha vez que a Universidade de Santiago acordou abandonar o sistema de compensación, manter un convenio para a Universidade da Coruña e Vigo non é operativo porque daría moitos problemas de xestión.

Continúa Pablo dicindo que hai casos nos que o persoal ten dereito a matrícula gratuíta por ser traballadores/as da UVigo, pero que nesas matrículas pode haber créditos que nunca van ser bonificados pola Xunta. Entón, aínda que a Xunta bonifique unha parte, esa parte que non bonifica a Xunta ten que pasar á nosa convocatoria de axudas de matrícula.

A xerente confirma que isto xa se está a facer así.

Rosa Graña pregunta se a convocatoria de axudas para o noso persoal que se matricula na Uvigo ¿vai ser posterior á matrícula?

A xerente responde que temos que indicar na norma das condicións de matrícula da Uvigo que o persoal que traballa na Uvigo e se matricula na Uvigo, de principio, non paga taxa. Non paga taxa e estará pendente dunha liquidación posterior que se fará. E en setembro sacar unha convocatoria de axuda para a matrícula. A xerente pensa que esta sería a mellor forma de proceder. Agora temos que ver como o artellamos todo porque non é tan sinxelo.

Os representantes do PTXAS preguntan pola matrícula do persoal da Uvigo que se matricula na Universidade de Santiago ou da Coruña. A xerente responde que partires de agora, a xente que vai estudar fóra da Uvigo, se non ten dereito á bonificación da Xunta ou do MEC, vai ter que pagar no momento da matrícula.

En resumo, no momento da matrícula o persoal debería marcar todas as opcións de bonificacións e exencións posibles. Marcar todas as opcións permite que, se non es beneficiario doutras, xa vas polo tema de persoal da UVigo. E así, pois, se adía o pagamento ata a resolución definitiva. Hai que ter en conta que hai parte de créditos que poden non estar bonificados e, se non marcas que es persoal da Uvigo, vas ter que pagar eses créditos e esperar a que se publique a convocatoria de exención de matrícula.

Rosa Graña di que é moi importante que todo o persoal saiba que cando saia publicada a convocatoria de axudas ten que presentar a solicitude. O feito de marcar na solicitude de matrícula que solicita exención por ser persoal da Uvigo non exclúe ao traballador ou traballadora da obriga de presentar a solicitude na convocatoria de axudas.

A representación da parte social pregunta se se podería facer algo para que non fose necesario esa solicitude de axuda e que fose automática.

Rosa Graña responde que non porque o titular do dereito a solicitar a axuda para matrícula é o/a traballador/a da Uvigo que reúna os requisitos da convocatoria. O estudante só pode ser beneficiario, non pode solicitar a axuda.



Propónse que coa matrícula se puidese xuntar un formulario de consentimento, pero Rosa Graña deixa ben claro o procedemento de matrícula e a solicitude de exención son dous procedementos administrativos distintos, e que non se pode eliminar o trámite de solicitude de axuda na convocatoria de axudas de matrícula por parte dos traballadores. Os traballadores teñen que concorrer necesariamente á convocatoria de axudas de matrícula. Precisamos un documento firmado polo titular do dereito que permita iniciar un procedemento. No momento da matrícula aparece un aviso expreso de que o titular do dereito ten que facer este trámite.

Pablo Álvarez pregunta como vai ser o procedemento de matrícula na Universidade de Santiago e da Coruña, xa que o acordo de Acción Social di que temos a matrícula gratuíta nas universidades.

A xerente di que non sabe como se formalizará a matrícula na USC ni na Coruña. Probablemente, no momento da matrícula todas as persoas terán a mesma condición como calquera outro cidadán, o mesmo procedemento. E logo, cando saquemos a convocatoria de axudas de matrícula, o persoal da Uvigo ou o persoal xubilado na Uvigo que se matriculou na USC ou na UDC terá que participar na nosa convocatoria de acción social, terá que acreditar que se matriculou, que pagou a matrícula, que non ten dereito a outra bonificación, e solicitar que se lle reintegre o importe que corresponda. Polo tanto, inicialmente, unha vez resolto o proceso de matrícula, se non ten dereito a outra bonificación ou bolsa, haberá que pagar a matrícula, e logo solicitar o reintegro a través da convocatoria de axudas da Uvigo.

A xerente di que publicará unha nota informativa sobre o procedemento para as axudas de matrícula para o persoal da Uvigo e Rosa Graña di que tamén se publicará unha nota na páxina web de Prezos públicos, no apartado «Descontos».

Rematado o punto único da orde do día, Carmen Álvarez Veleiro preguntar cando se vai publicar a convocatoria do fondo de acción social porque levamos moito retraso. Non saíu a convocatoria de 2022, ni 2023, ni a de 2024.

A xerente di que sabemos que levamos retraso debido, entre outras cousas ao COVID, ao cambio do programa de xestión PeopleNet, etc. Tamén hai que contar co Servizo de Retribucións, que ten a capacidade que ten. En todo caso, hai que convocar á comisión para aprobar a convocatoria. Intentaremos sacala no último trimestre.

Carmen di que, xa que levamos tanto retraso, a petición sería que se leven dos anos xuntos, 2022 e 2023, para ir recuperándonos un pouco.

O secretario, xefe da sección de Retribucións e Seguros sociais, expón que non é conveniente publicar dúas convocatorias. Non se poden mesturar solicitudes e facturas de dúas convocatorias á vez. A xerente di que comparte o criterio do Servizo. Non podemos ter dúas convocatorias abertas. No Servizo de Retribucións temos a dotación que temos, unha elevada carga de traballo coa nómina e as incidencias que xorden todos os meses.

Carmen Veleiro quere transmitir na Comisión as queixas da xente que exige, que leva anos esperando. Á xente non lle gusta a incerteza. Poderíase entregar un calendario de previsión. Entende que as previsións se poden facer agora que xa saímos da COVID.



O secretario di que non é quen de facer previsións de ningún tipo. Di que ten que facerse unha convocatoria e, cando se remate esa, hai que ver se cabe outra. O Servizo ten pouca dotación e entran constantemente cambios nas nóminas do persoal.

Carmen aclara que non é unha exixencia para o Servizo, é para a Universidade, porque a xente está esperando.

A xerenta di que se podemos, sacaremos unha convocatoria no último trimestre do ano. E a continuación, cando remate esa, a seguinte. Hai que ter en conta que Servizo de Retribucións é un servizo altamente especializado con procedementos complexos.

Carmen volve a dicir que non quere presionar ao servizo, pero que, por lo menos, a convocatoria do ano 2022 se convoque este ano e que haxa ese compromiso. O secretario di que faremos todo o posible para convocar e resolver a convocatoria o máis pronto posible.

Carmen di que poderíamos aproveitar para revisar a convocatoria na Comisión antes de que se publique. A xerente di que a convocatoria da Acción Social se pode revisar cos límites orzamentarios que hai.

O secretario di que enviará o borrador da acta da sesión anterior, que está sen aprobar, na que figura o resumo global dos gastos de Acción social, xunto coa convocatoria de Acción Social anterior.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:00 horas.

